

Parque de Vista Alegre



Algunhas especies do parque

- | | | | |
|---------------------------------|---------------------------|-------------------------------|--------------------------------|
| 1 <i>Abies nordmanniana</i> | 5 <i>Cedrus deodara</i> | 9 <i>Laurus nobilis</i> | 13 <i>Platanus x hispanica</i> |
| 2 <i>Aesculus hippocastanum</i> | 6 <i>Corylus avellana</i> | 10 <i>Malus pumila</i> | 14 <i>Pyrus communis</i> |
| 3 <i>Buxus sempervirens</i> | 7 <i>Ficus carica</i> | 11 <i>Phoenix canariensis</i> | 15 <i>Quercus robur</i> |
| 4 <i>Camellia japonica</i> | 8 <i>Ilex aquifolium</i> | 12 <i>Pinus radiata</i> | 16 <i>Tilia tomentosa</i> |

O parque de Vista Alegre (tamén coñecido como Finca Simeón, Xardín de Europa ou Casa Europa) foi adquirido aos seus propietarios, a familia Simeón, polo Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela en 1995, comezando a súa rehabilitación en 2002, en base ao proxecto do paisaxista Arata Isozaki e o arquitecto César Portela. Na actualidade a finca ten una superficie duns 35.000 m² na que os xardíns e áreas arboradas comparten espazo con cinco edificios e numerosos elementos patrimoniais como o hórreo, o cruceiro de pedra, o merendeiro, a fonte ou os pequenos muros ornamentados con columnas e estatuas.

No parque aínda podemos ver a pegada da finca que foi tempo atrás; ao carón dos camiños atopamos numerosas froiteiras (maceiras, pereiras, ameixeiras,...) escasas noutros xardíns públicos. No oeste da residencia familiar hai un espazo con cespede, que noutro tempo fora a horta. A entrada principal da residencia está custodiada por grandes plátanos de paseo, palmeiras e abetos a imaxe dos antigos pazos galegos.

Conviven neste parque as árbores novas con outras de gran porte coma os piñeiros preto da SGAE, os tileiros no límite coa Rúa do Morón ou os grandes castiñeiros de indias na saída sur da residencia. Entre estas zonas destaca a carballeira situada ao norte da finca que tempo atrás tiña como principais funcións o aproveitamento da súa madeira e das polas mais cativas para leña e os xardíns da área de lecer, como testemuña da súa antiga utilización como residencia veraniega.

A arquitectura moderna no Parque Vista Alegre

Un dos atractivos deste parque é o contraste entre o clásico e o moderno. O carón da Casa Europa de estilo colonial, na actualidade podemos atopar catro expoñentes da nova arquitectura: o Centro de Estudos Musicales e a sede da SGAE, deseñados por Antón García-Abril, e, o Centro de Estudos Avanzados e o Museo de Historia Natural, de César Portela.



Edificios

- | | | |
|------------------------------------|--|--------|
| 1 Museo de Historia Natural da USC | 3 Centro de estudos avanzados | 5 SGAE |
| 2 Casa Europa | 4 Escola de Altos Estudos Musicales (EDEM) | |

As carballeiras



A área situada ao norte do parque semella un bosque silvestre que transmite a sensación de natureza dentro da cidade, pero a proba evidente de que é un bosque de cultivo é o dominio absoluto dunha especie no dosel arbóreo, o carballo.

En Galicia todos os bosques están mais ou menos alterados pola intervención do home, durante séculos ou incluso milenios. Unha forma de coñecer o seu estado de conservación é analizando as especies que forman os estratos arbóreo, arbustivo e herbáceo. En xeral os mellor conservados son os que teñen mais variedade de especies e todas elas con un número semellante

de exemplares. Pola contra os bosques de cultivo, ou os que foron explotados durante moito tempo, o número de especies do estrato arbóreo é moi baixo e a maioría das árbores pertencen a unha única especie, como é o caso desta carballeira.

Quercus robur L.

Carballo

Orixinario de Europa, é a árbore máis emblemática de Galicia, onde medra tanto silvestre coma cultivado. De folla caduca, presenta aurículas na base do limbo e lóbulos laterais redondeados cun pecíolo moi curto. Landras colgantes sobre longos pedúnculos, con cúpula que cubre parte do froito.



Malus pumila Mill. / *Pyrus communis* L.

Maceira / Pereira

Estas froiteiras, moi cultivadas en climas temperados, son o resultado dunha serie de procesos de cruzamentos e selección de diferentes especies silvestres asiáticas e europeas. Ambas presentan follas caducas, simples e pecioladas. Os seus froitos, de tipo pomo, poden ser de diversas cores e aspectos.



As froiteiras



O Parque de Vista Alegre posue unha ampla área dedicada a árbores froiteiras herdada do seu pasado de finca residencial.

En Galicia as froiteiras tradicionalmente cultivadas son a maceira, a ameixeira, a cerdeira e a pereira. No sur do país inclúense tamén a vide, a figueira, o pexegueiro e incluso o limoeiro e mais a oliveira (hoxe practicamente desaparecida). Recentemente entraron novas especies nas Rías Baixas coma o kiwi ou a feixoa. Tamén son comúns o castiñeiro, a abeleira e a nogueira, coma froitos secos.

Ilex aquifolium L.

Acivo

Este arbusto pódese encontrar silvestre en Galicia e tamén como especie ornamental. Follas perennes, coriáceas, co marxe máis ou menos espiñento. Es una planta dioica con flores pequenas e unisexuais. Os pés femininos producen froitos carnosos, vermellos de tipo drupa.



Corylus avellana L.

Abeleira

Especie común na metade norte de España onde medra silvestre, e tamén cultivada para aproveitar a súa madeira e os seus froitos. As follas son caducas, co limbo rugoso, con nervios moi marcados. As flores femininas son pequenas, e as masculinas aparecen reunidas en amentos. Os froitos son as abelás.

